

A LENDA DA COVA DA SERPE A IDADE MEDIA CHEGA A MELIDE

A Idade Media chegou a Melide da man dos alumnos do grupo de 2ºB do IES.

Foi unha experiencia que comezou a principios de curso, e que agora podemos dicir que rematou con éxito. Pasámolo moi ben cos ensaios, pero sobre todo coas representacións, tanto, que somos moitos os que pensamos que había que facer máis. Houbo unha función para as familias e dixéronnos que tiñan que poder vela todos os de Melide e que estaban sorprendidos co que fixeramos. Era unha obriña moi completa. Divertida, o chiste púxoo o galo branco, romántica, da parella nin vos falo!!, pero algo triste con morte incluída... Como a vida mesma.

E non nos podemos esquecer que comezou con medio punto e agora presentámonos a un concurso de traballo en cooperativismo, xa que foron moitos os que se implicaron e colaboraron con nós: as familias, alumnos de 1ºB, veciños da vila, diferentes profesores e o director. Grazas a todos e a todas.

